

5



## Ollos abertos

### Noticias de inxustizas

Ben seguro que escoitas algunha vez nos telexornais ou les nos periódicos noticias que nos informan do que sucede no mundo.

#### ■ Algunhas noticias...

¿Oíches algunha noticia sobre...	Si	Non
Un ditador dun país que mete no cárcere aos que non pensan coma el ou critican algunha das súas leis?		
Unha nación onde se obriga a todos a practicar a mesma relixión e se persegue aos que son doutra distinta?		
Un xornalista que foi asasinado por informar dalgunha cousa mala que facía algún xefe ou persoa poderosa?		
Unha banda de terroristas ou narcotraficantes que ameazan de morte a algún membro da banda arrependido que quere saír dela?		

▶ ¿Oíches falar deste tipo de noticias?

▶ ¿Que che parecen?



## Mirada penetrante

### Inxustizas ao noso lado

Hai tamén outras moitas inxustizas que non saen nos xornais e que se viven ás veces no noso mundo próximo: nos colexios ou nas cuadrillas dalgún barrio.

#### ■ Tamén ao noso lado

– Hai rapaces que marxinan e maltratan a outros por ser estranxeiros ou por pensar de forma distinta.

– Hai grupos de rapaces maiores que abusan dos máis pequenos e obríganos a facer cousas que non queren.

– Un rapaz, porque tén máis forza ca os outros, faise o mandón e obriga aos demais a facer o que el di.

## ■ Diversas actitudes dos perseguidos

As persoas que son perseguidas poden ter diversas actitudes:

—	
—	
—	
—	
—	



## Oídos atentos

### Reaccións ante as prohibicións relixiosas

O pobo de Israel foi invadido por pobos estranxeiros que lle prohibiron adorar ao seu Deus e vivir segundo os seus mandamentos.

#### ■ 1 ■ O rei tirano e opresor

Durante a dominación grega, o rei Antíoco Epífanes prohibe o xudaísmo.



- O rei deu ordes escritas para que os xudeus aceptasen os costumes estraños ao seu país, suprimisen as ofrendas do templo e non gardasen o sábado e as festas... O que non cumprise as ordes do rei sería castigado coa morte. (cf 1 Mac 1,20.41-42.45-50.56)



#### ■ 2 ■ As reaccións do pobo

No medio daquela situación, as persoas adoptaron distintas actitudes: rexeitamento da amizade con Deus ou fidelidade á amizade con Deus.

#### ■ Uns rexeitaron a amizade con Deus



- Moitos disimularon a súa condición de xudeus... abandonaron a alianza santa e emparentaron cos pagáns. (1 Mac 1,15)



- Algúns acusaron ao pobo de moitas cousas... e dixéronlle ao rei:  
-Manda a unha persoa de confianza... que castigue a Xudas e aos seus colaboradores. (1 Mac 7,6-7)



- Daquela houbo algúns israelitas malvados, que foron ver ao rei, e el autorizou-nos a seguir os costumes pagáns. (1 Mac 1,11.13)
- Non tiñan ningunha estima polos propios valores, e coidaban que as glorias gregas eran o mellorciño. (2 Mac 4,15)

## ■ Outros permaneceron fieis á amizade con Deus



- Entón moitos que querían vivir segundo dereito e xustiza, baixaban ao deserto... cos seus fillos, mulleres e gando, pois as desgrazas xa non tiñan medida. (1 Mac 2,29-30)



- Uníronse israelitas valentes e entusiastas defensores da Lei... Así lograron formar un exército poderoso, que comezou a castigar aos pecadentos e desleigados. (1 Mac 2,42-44)



- Moitos israelitas preferían antes morrer ca profanar a alianza santa, e morreron. (1 Mac 1,63)
- Meteron na cadea a sete irmáns e súa nai e o rei mandou que os obrigasen a facer o que lles prohibía a Lei... Un deles, en nome de todos, falou deste xeito:  
-Estamos dispostos a morrer antes ca quebrantar a Lei. (2 Mac 7,1-2)

- ▶ ¿Que mandou Antíoco cando conquistou Israel?
- ▶ ¿Que fixeron os mártires? ¿Que fixeron os guerrilleiros?



## Memoria esperta

### Envíanos o teu Mesías Salvador

A Igrexa apreciou sempre a aqueles que chegaron a dar a súa vida pola fe. Son os mártires. Venéaos coma santos e preséntaos ao pobo para seren imitados.

- ¿Que lle pasou ao pobo de Israel cando foi invadido?
- ¿En que poñía a súa esperanza o pobo de Israel?  
As últimas promesas de Deus ao pobo xudeu despertaron unha gran esperanza nun pequeno grupo, que vivía con toda a confianza posta no seu Señor: chamáronos os pobres de Yahvé. (ENF p. 25)
- ¿Como oraban ao Señor?
- ¿Como reaccionou o pobo?



## Mans activas

### Celebrar a vinda de Xesús

O pobo de Israel, no medio das súas dificultades, desexaba a chegada do Mesías Salvador. Nós tamén, sobre todo no Advento, preparámonos para celebrar no Nadal a vinda de Xesús ao mundo.

#### ■ Actitudes para esperar o Mesías

– Non esperan ao Mesías os

– Esperan ao Mesías os

Os _____	Decátanse de que teñen necesidade de Deus e dos demais para solucionar os seus problemas.
Os _____	Só lles importa pasalo ben e non se preocupan dos pobres e necesitados.
Os _____	Pensan que coa súa intelixencia e coas súas calidades poden conseguilo todo.
Os _____	Dóenlles os sufrimentos das persoas, gustaríalles que ninguén o pasase mal.
Os _____	Procuran axudar e compartir co necesitado, consolar ao que sofre, acompañar ao triste.
Os _____	Buscan só as riquezas e desenténdense dos problemas dos demais.

- ▶ Mira qué tipo de persoas esperan ao Mesías e quen non o espera.
- ▶ Le os parágrafos do recadro anterior e escribe na primeira columna o tipo de persoas que corresponda a cada frase.

▶ ¿Como me comporto eu?

	Sempre	Bastantes veces	Poucas veces	Nunca
Soberbio				
Egoísta				
Ambicioso				
Solidario				
Humilde				
Compasivo				

▶ ¿En que teño que cambiar para procurar ser máis solidario, humilde e compasivo?